

## CORRECCIÓN DA ACTA DUN PROCESO DE SELECCIÓN

Celebrado o día 20 de xuño de 2017 o exercicio de carácter teórico do proceso de selección – polo sistema de oposición – para poder seleccionar á persoa que terá que desempeñar o posto de traballo de Operario de servizos varios, na modalidade de contrato de interinidade, cunha xornada laboral de trinta e sete horas e media semanais, por un período de tempo que comprenderá ata que se cubra a praza de operario de servizos varios, que se atopa vacante na plantilla de persoal laboral deste concello.

E confeccionada acto seguido a acta de dita reunión, que foi publicada no Tablón de Edictos da Casa Consistorial o día 3 de xullo de 2017.

Resultou que na relación de aspirantes que contén dita acta, (coa puntuación alcanzada por cada aspirante), omitiuse – por un erro involuntario – ao aspirante Lopes Alberto Manuel que obtivo unha puntuación de 0 puntos.

Ante o cal, dito aspirante vén de solicitar ante o secretario da Comisión Seleccionadora, no día de hoxe, que se corrixa esa omisión; para que desta maneira poida ter constancia de que compareceu a realizar dito exercicio.

Polo que, ao obxecto de subsanar esa omisión, procedeuse a comprobar o exercicio realizado polo Sr. Lopes Alberto Manuel; observando que a puntuación obtida tiña sido a indicada.

En consecuencia, por indicación do presidente da Comisión Seleccionadora, procedeuse a modificar a acta extendida o día 20 de xuño de 2017, no único sentido de incluír na relación de aspirantes que compareceron a realizar o citado exercicio teórico ao Sr. Lopes Alberto Manuel coa puntuación alcanzada por él, de cero puntos; mantendo inalterable o resto de dita acta.

Para o cal se publicará este escrito de subsanación no Tablón de Edictos da Casa Consistorial e na páxina web do Concello.

En Arzúa, a 5 de xullo de 2017

O PRESIDENTE  
DA COMISIÓN SELECCIONADORA

Asdo.: Luis Fole Barrio

O SECRETARIO  
DA COMISIÓN SELECCIONADORA

Asdo.: Juan Colmenares López-Soldado

